



Este mes sae publicada a memoria 2009 da Consellería de Traballo e Benestar

A Xunta incrementará nun 3 por cento o orzamento da RISGA e do complemento autonómico das pensións non contributivas para 2011

- O Goberno autonómico dá así resposta a unha demanda realizada no seo do diálogo social.
- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo unha xuntanza cos secretarios xerais de CCOO e UGT-Galicia e co presidente da CEG para informalos das modificacións nos orzamentos.

10



Benestar pon en marcha o portal de adopcións con información práctica e actualizada para mellorar o acceso ao proceso

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou a nova ferramenta telemática, <http://adopcions.xunta.es>, operativa desde hoxe mesmo
- A iniciativa facilitará toda a documentación que se precisa para levar a cabo unha adopción, así como a xestión telemática de certas fases do proceso, como a descarga da documentación necesaria para iniciar a tramitación.

8

Gala final de Xuventude Crea



13

Consellería de Traballo e Benestar - decembro 2010, nº 58

ORZAMENTOS 2011



Máis do 60% do orzamento da Consellería de Traballo e Benestar estará destinado a materia social

- Coas contas de 2011, este departamento xestionará 10.000 prazas de servizos sociais máis que no ano 2006 con niveis orzamentarios similares aos dese ano.
- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu en comisión parlamentaria para dar conta dos orzamentos deste departamento.

2

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou en novembro un total de 231.721 persoas desempregadas, o que supón un aumento de 7.827

- A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en rolda de prensa os datos do paro, que se incrementou este mes nun 3,5 por cento na comunidade.
- A responsable da área autonómica cualificou esta cifra de "negativa", aínda que matizou que reflicte unha contención da destrución de emprego, especialmente na comparación dos mesmos períodos dos dous anos anteriores.

4

Sumario

Orzamentos	2-3	Familia e benestar	8-11
Formación-Emprego	4-5	Dependencia	12
Seguridade e saúde laboral	6	Xuventude e voluntariado	13
Igualdade	6-7	Publicacións e normativa	14-22

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Mato preséntalle ao comisario europeo de emprego o pacto polo rexuvenecemento demográfico de Galicia



- ▶ Coas contas de 2011, este departamento xestionará 10.000 prazas de servizos sociais máis que no ano 2006 con niveis orzamentarios similares aos dese ano
- ▶ Mato salientou a aposta polo colectivo de autónomos e de cooperativas, como fórmulas dinamizadoras da economía e xeradoras de emprego
- ▶ O próximo exercicio ampliaranse os programas de cooperación con concellos e entidades sociais en 8,4 millóns de euros, o que permitirá contratar a 1.100 persoas máis que este ano
- ▶ Reformularase a formación para o emprego, na que se investirán 107 millóns de euros
- ▶ Incrementábase nun 3 por cento a partida destinada á aplicación da Lei de dependencia
- ▶ Ao longo do próximo ano poranse en marcha novas leis como a de xuventude, voluntariado, de apoio á familia e á convivencia, de inclusión ou a reforma da Lei de cooperativas.

Santiago, 3 de novembro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, resaltou que o departamento que dirixe xestionará durante o próximo ano un total de 10.000 prazas de servizos sociais públicos -escolas infantís, maiores dependentes, persoas con discapacidade- máis que as que existían en 2006 cun nivel de gasto similar ao que había nese exercicio.

Así o sinalou durante a súa comparecencia en comisión parlamentaria, onde deu conta dos orzamentos de cara ao próximo ano que sumarán un total de 940 millóns de euros. Malia recoñecer o contexto restritivo das contas autonómicas, estatais e europeas, Mato fixo fincapé na optimización e na eficacia dos recursos dispoñibles. "Non son tempos de gastar máis, son para investir mellor", aseverou.

Neste contexto, fixo referencia a que as contas de 2011 na área de traballo e benestar reflicten un nivel de gasto similar ao de 2006, aínda que cunha xestión eficaz permiten o mantemento de máis recursos, como son as 10.000 prazas máis que existen na actualidade na área de servizos sociais en comparación co exercicio de 2006.

Na súa intervención, comezou destacando a aposta do Goberno galego polas políticas de emprego e do benestar. Proba deste compromiso, é que a Consellería de Traballo e Benestar terá un axuste orzamentario do 4,8 por cento, fronte ao 24 por cento de media de descenso no resto de departamentos non sociais.

En liñas xerais, Mato precisou que o departamento disporá en 2011 de 940 millóns de euros, dos que máis do 60 por cento se destinarán á área de benestar. Con estas contas, Mato indicou que perseguirán tres obxectivos fundamentais: preservar as prestacións e servizos básicos para a cidadanía; continuar coa posta en funcionamento de novas prazas públicas e afrontar o seu mantemento; e garantir os acordos do diálogo social e avanzar na posta en marcha dos plans de revitalización do emprego.

Ademais do detalle das contías dos orzamentos, a conselleira resaltou que ao longo de 2011 se porán en marcha novas leis como: a Lei de xuventude; a de voluntariado; a Lei de apoio á familia e á convivencia e a modificación da Lei de cooperativas (ambas empezan a súa tramitación este ano); ou a Lei de inclusión, que se debaterá no Parlamento en 2011.

Modernización do sistema público de emprego

A conselleira abordou máis polo miúdo na súa comparecencia o investimento nas distintas áreas do departamento. En materia de emprego, como liñas xerais de actuación, salientou a aposta por "optimizar ao máximo as políticas activas de emprego para facelas máis eficientes e eficaces", así como a aposta pola mellora da formación para o emprego e polos autónomos e as cooperativas, "dinamizadores da economía e do emprego".

Ademais, defendeu continuar na liña de concertación e diálogo cos axentes sociais e económicos. Precisamente, neste sentido, detallou que os orzamentos de 2011 garanten o cumprimento dos 15 acordos que se acadaron nas mesas do diálogo social. Como exemplo, citou o investimento de 7 millóns na modernización do Servizo Público de Emprego, o programa Empregatex, ou o desenvolvemento do Plan estratéxico de prevención de riscos laborais 2011-2014.

No eido laboral, Mato sinalou que un dos obxectivos prioritarios das contas de 2011 é "facilitar os contratos". Por iso, os programas de cooperación cos concellos ampliaranse en 8,4 millóns de euros con respecto a 2010 -contarán cun total de 75 millóns-, o que permitirá promover a contratación de 6.000 persoas, 1.100 contratos máis que neste exercicio.

A conselleira apuntou tamén que se incrementará o orzamento destinado ao colectivo dos traballadores autónomos, dentro do Plan de emprego específico que se está a debater para eles no diálogo social. En concreto, trátase dun aumento de 4 millóns de euros, ata os 22,7 millóns de euros, isto é, un 24 por cento máis que en 2010.

A isto hai que sumarlle que se mantén a aposta polo cooperativismo, con dous millóns de euros. Mato explicou que esta fórmula empresarial ten demostrado resistencia ante a crise, e lembrou que no que vai de ano duplicouse o número de socios de novas cooperativas, ata 1.421, un

incremento do 30 por cento en relación ao 2009.

O compromiso co emprego esténdese tamén a aqueles colectivos máis vulnerables e afectados pola crise, como son as persoas con discapacidade. Neste eido, aumentaranse tamén en 13,4 millóns de euros os fondos para a creación de novos centros especiais de emprego ou para a súa ampliación, así como para mantemento destes postos de traballo.

As contas de 2011 prestan unha especial atención á formación para o emprego, á que destinan un total de 107 millóns de euros. Este investimento permitirá, ademais, a reformulación da formación de cara á “excelencia e á calidade”, e para facer “mellores cursos e máis axeitados ás demandas actuais”.

Máis de mil novas prazas para educación 0-3 anos

Na área de benestar, a conselleira destacou como eixos principais dos orzamentos para 2011 “a construción dunha sociedade máis inclusiva, con máis e mellores servizos sociais públicos, e o fomento do emprego no terceiro sector”, todas estas metas xa recollidas no Plan de Actuación Social 2010-2013.

Neste plan estableceíase como prioridade a creación de 4.500 prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos ata 2013. “A día de hoxe, e desde a nosa chegada, temos creado máis de 1.500 desas prazas, un 11 por cento máis das que atopamos. Só este ano puxemos en marcha 1.000 prazas públicas, e en 2011 imos incrementar outras 1.000 en 25 escolas en toda Galicia”, resumiu Mato.

Ademais desta especial atención á infancia, a conselleira citou como outra das prioridades do departamento a atención aos maiores e ás persoas con discapacidade. Neste sentido, anunciou que a partida económica

destinada a estes dous colectivos para o desenvolvemento de programas e mantemento de centros incrementábase nun 6,9 por cento. Trátase, en total de 150,4 millóns de euros, case 10 millóns máis que en 2010.

En total, Mato cifrou en máis de 2.500 o incremento de prazas desde abril de 2009 ata o peche deste exercicio en atención a maiores, discapacidade e alzheimer.

Deste xeito, explicou que os orzamentos de 2011 garanten o mantemento de 5.000 novas prazas en servizos sociais públicos, resultantes da suma destas 2.500 máis as 1.500 en escolas infantís, todas elas postas en marcha nos últimos 19 meses.

Tamén se abordarán outras melloras cuantitativas e cualitativas nos programas de atención: protocolo de atención ao maltrato de maiores a través do teléfono social; renovación do programa de respiro familiar para incluír por primeira vez os coidadores de

persoas con discapacidade; ou o investimento de 13 millóns de euros para manter o transporte adaptado do 065. Ademais, auméntanse nun 15,3 por cento as axudas para manter e para promover as actividades das asociacións que traballan neste eido.

No eido da inclusión, mantense a cobertura para o pagamento das rendas de integración social de Galicia e das axudas de emerxencia social. A atención aos menores continuará sendo unha prioridade, coa aposta por centros de día en lugar de prazas residenciais, por instalacións de menor tamaño, e pola inserción sociolaboral dos nosos menores.

Dependencia

En materia de dependencia, Galicia incrementa a dotación orzamentaria nun 3 por cento para dar resposta aos dependentes galegos, fronte ao recorte do Estado nesta materia. En concreto, destinarase un total de 360 millóns de euros, 8 millóns máis que en 2010.

Con esta cifra, “garántese a atención ás 37.000 persoas atendidas, 23.000 delas na presente lexislatura. Case multiplicamos por tres o número de atendidos que atopamos”, precisou a conselleira. Neste sentido, explicou que con esta aposta pola dependencia “mesmo incrementamos a dotación para poder introducir a máis dependentes no sistema”.

Nesta mesma liña de actuación, fixo fincapé en que a Xunta garantizará en 2011 as axudas aos concellos para o financiamento do Plan Concertado, “que o Goberno central recorta nun 12 por cento”.

Xa no eido da Xuventude, os orzamentos manterán a aposta polos proxectos máis importantes nesta materia, como son o fomento da participación da mocidade en proxectos impulsados por eles mesmos e a mobilidade xuvenil.

Así, o modelo de participación xuvenil Iniciativa Xove aumentará nun 2 por cento o seu orzamento, ata os 695.000 euros. Tamén se aumentará o número de prazas dispoñibles no programa Xuventude no mundo, ata as 400, ou as do programa Mogal de desenvolvemento profesional, que chegará ás 200 prazas.

Mato concluíu a súa intervención resaltando que os orzamentos de 2011 garanten, entre outras actuacións: o cumprimento dos acordos do diálogo social; o avance no Plan Autonómico de Emprego 2010-2013; o desenvolvemento do Plan de Actuación Social; a atención aos 37.000 dependentes inseridos no sistema; o mantemento dos servizos sociais públicos, incluídas as 5.000 novas prazas creadas desde a chegada ao Goberno; a contratación de máis de 6.000 desempregados, 1.100 máis que en 2010; a mellora da formación e o Plan de Modernización do Servizo Público de Emprego.

<http://www.conselleriadeconomia.es/orzamentos2011/images/191010orzamentos.pdf>



INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 2 de decembro de 2010.- Galicia pechou novembro cun total de 231.721 persoas desempregadas, o que supón un incremento en termos absolutos de 7.827 persoas con respecto ao mes anterior. En termos relativos, este incremento é do 3,5 por cento.

Así o sinalou a directora xeral de Formación e Colocación, nunha rolda de prensa na que explicou os datos do paro do mes de novembro na Comunidade galega. Díaz López cualificou de "negativas" as cifras rexistradas, en tanto un aumento do número de parados "nunca é positivo".

Na súa intervención, lembrou que novembro é un mes onde "tradicionalmente" sube o paro en Gali-

cia, e que o comportamento deste ano "non é positivo, pero tampouco é distinto ao doutros anos".

Ao respecto, salientou que a subida rexistrada este mes pese a "non ser boa", é mellor que a rexistrada nos mesmos períodos dos dous anos anteriores. Así, se este ano aumentou en 7.827; entre outubro e novembro do pasado ano o facía en 7.905; e en 2008 este incremento era de 12.397 persoas. Ademais, neste ano a subida rexistrada é inferior á media dos últimos oito anos.

No que se refire aos datos por sectores, Díaz López precisou que onde máis aumentou o desemprego en termos absolutos foi o dos servizos (4.008), seguido pola construción (1.266); o colectivo sen emprego ante-

rior (1.209); a industria (1.199); e, finalmente, a agricultura e a pesca (145).

No tocante á evolución anual, isto é, desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 30 de novembro deste mesmo ano, o paro subiu en Galicia en 8.887 persoas, o que representa en valores porcentuais un incremento do 3,99 por cento; fronte ao aumento anual do Estado, que se situou no 6,24 por cento.


No que se refire á evolución anual, a representante autonómica destacou que continúa a liña de "contención da destrución de emprego" xa que no período que foi do 1 de xaneiro ao 30 de novembro de 2009 o incremento de parados foi de 26.925 persoas (14,18 por cento), fronte ao deste exercicio (8.887 persoas, 3,99 por cento).

Ademais, a directora xeral de Formación e Colocación sinalou que o paro rexistrado aumentou, en termos interanuais, en todas as comunidades autónomas. En Galicia, esta cifra foi do 6,87 por cento.

Xa no que se refire á distribución territorial, por provincias, o paro aumentou en todas elas, producíndose o maior incremento en Pontevedra (2.882 persoas); seguida por A Coruña (2.525); Lugo (1.273); e Ourense (1.147).


Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia en novembro un total de 54.620 contratos en Galicia, 4.300 máis que no mes anterior. Deste total, 4.727 foron indefinidos (8,6 por cento) e 49.893 temporais (91,4%).

Evolución do paro:



	Parados mes	Variación relativa mes anterior
Ceuta	9.203	-8,18
Extremadura	119.636	-2,11
Canarias	256.693	-1,38
Madrid	469.079	-0,49
Cataluña	564.541	-0,35
Valencia	502.905	-0,04
Murcia	129.202	0,36
País Vasco	133.051	0,53
Andalucía	921.334	0,93
Navarra	42.463	1,02
Castela e León	188.915	1,16
Melilla	10.802	1,29
Aragón	91.523	1,58
Castela-A Mancha	202.677	1,82
Asturias	79.647	1,93
Cantabria	43.083	2,52
A Ríoxa	21.770	2,96
Galicia	231.721	3,5
Illes Balears	92.049	8,6
TOTAL	4.110.294	0,60

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO GALICIA
(Mes en curso - igual mes do ano anterior)



Estatísticas mensuais

Formación-Emprego

A Xunta solicita ao ministro de Traballo "máis marxe de manobra" na aplicación das políticas activas de emprego

Madrid, 19 de novembro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, solicitou ante o ministro de Traballo e Inmigración, Valeriano Gómez, "unha maior marxe de manobra" na aplicación das políticas activas de emprego. O obxectivo é que estas se poidan adaptar "con maior flexibilidade" ás necesidades e ás distintas situacións de cada comunidade autónoma, de modo que non sexan unha "fórmula estándar" para todos os territorios sen ter en conta as súas diferenzas.

Así o manifestou tras a xuntanza convocada polo ministerio para abordar cos representantes de todas as comunidades autónomas o futuro das políticas activas de emprego. Neste sentido, a conselleira valorou a iniciativa do novo ministro de convocar os representantes autonómicos para escoitar ás súas opinións.

Mato tamén valorou positivamente a próxima convocatoria da Conferencia sectorial de emprego, que é o foro onde se van debater realmente as distintas posturas dos gobernos autonómicos. Ademais, ao respecto, demandou que o consenso coas comunidades autónomas sexa previo ao diálogo social, co fin de acadar unha "postura de Estado" nun tema "tan importante" como as políticas activas de emprego.

A titular do departamento autonómico lembrou que os gobernos autonómicos "teñen a capacidade de executar as políticas activas de emprego, pero non a capacidade de regulamentalas ou de decidir como se destinan os fondos", apuntou. De aí, a súa reclamación de dotar de máis flexibilidade estes proxectos, para que se poidan adaptar á realidade de cada territorio e das súas respectivas economías.

Finalmente, a conselleira solicitou tamén nesta xuntanza que o reparto dos fondos das políticas activas de emprego se realice en base a uns criterios obxectivos, que garantan un reparto axeitado a todas as comunidades autónomas, que non obedeza a criterios políticos.



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou nunha xuntanza entre o ministro de Traballo e Inmigración, Valeriano Gómez, e as comunidades autónomas para abordar a reforma das políticas activas de emprego

Os resultados do Observatorio da RSE en Galicia recollen un aumento progresivo do coñecemento destas políticas empresariais

- Este estudo presentouse en Santiago, no marco dunhas xornadas sobre RSE organizadas pola Consellería de Traballo e Benestar.
- Con todo, os datos amosan que o grao de aplicación e información sobre a RSE en Galicia é aínda relativamente baixo.
- O maior coñecemento prodúcese nas grandes empresas e naquelas da rama industrial.

Santiago, 16 de novembro.- Os datos obtidos polo Observatorio permanente sobre a responsabilidade social empresarial (RSE) en Galicia recollen un aumento progresivo do coñecemento e aplicación destas políticas empresariais nos negocios galegos nos últimos tempos, pero reflicten tamén que o grao de desenvolvemento e información sobre a RSE é aínda relativamente baixo.

Este estudo foi presentado no marco dunhas xornadas sobre RSE, organizadas pola Consellería de Traballo e Benestar. Neste evento, reuníronse máis dunha decena de expertos e conta con ao redor de 150 participantes. Trátase dunha das iniciativas do Goberno galego para impulsar a RSE, entre as que tamén se contan o debate no seo do diálogo social do Plan Estratéxico de Responsabilidade Social Empresarial 2011-2014.

O Observatorio, posto en marcha polo departamento autonómico para avanzar na implantación da RSE na comunidade, realizou o seu estudo sobre o universo das 1.000 empresas con maior facturación, das que se acadou unha resposta efectiva de máis do 50 por cento.

Con todo, deste número houbo que reducir aquelas empresas entrevistadas que forman parte de grupos empresariais cunha política de RSE que se realiza de forma centralizada, polo que finalmente, foron 448 as que foron obxecto de estudo.

Por sectores, a maioría das empresas que responderon á enquisa pertencen aos servizos (204) ou á industria (156). Tendo en conta a variable do tamaño empresarial, a gran maioría das empresas que contestaron correspóndense coa estrutura do tecido produtivo galego, isto é, medianas (206) e pequenas empresas (149).

No que se refire xa ás conclusións, unha das principais reflexións que se extrae do estudo é que as empresas galegas declaran ter, en xeral, un grao de coñecemento da RSE relativamente baixo. En concreto, nunha escala de 1 ao 5, a media sitúase no 2,96. Aínda así, nesta cuarta oleada, recolleuse un aumento neste valor, que na primeira estaba no 2,53.

Por sectores, son as empresas do sector industrial as que demostran ter un maior coñecemento da RSE (3,08), fronte ao mínimo das de servizos (2,89).

A enquisa dá un paso máis e aborda tamén a percepción da implantación da RSE en Galicia. Así, e en consonancia co grao relativamente baixo de coñecemento, máis do 72 por cento das empresas enquisadas consideran que os negocios galegos teñen un baixo desenvolvemento da RSE, mentres que un 22,5 considera que o desenvolvemento é "bastante", e menos dun 2 por cento que é moito. Cabe destacar que estes datos reflicten un aumento de dez puntos porcentuais entre as empresas enquisadas que consideran que o grao de desenvolvemento da RSE en Galicia é bastante, con respecto á primeira oleada.

<http://rse.xunta.es/index.php/gll/novas/107-observatorio-rse-galicia>



A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia un 27,44% no mes de outubro

- ▶ A industria é o sector co comportamento máis favorable, cunha baixada de accidentes superior ao 35%.
- ▶ Por provincias, en todas descendeu o número de sinistros laborais.

Santiago, 28 de outubro de 2010.- A sinistralidade laboral baixou en Galicia un 27,44% o pasado mes de outubro, período no que se produciron 2.843 accidentes con baixa en xornada laboral, fronte aos 3.918 ocorridos no mesmo mes do ano anterior. Do total dos rexistrados, 2.796 foron casos leves, 40 graves e 7 mortais.

O descenso foi xeralizado en todos os sectores, agás na agricultura, no que se mantivo o número de accidentes. Os datos máis positivos proceden da industria, cunha baixada do 35,38%; seguida da construción, cun descenso do 34,73%; dos servizos, cun 19,79% e da pesca, cunha diminución de sinistros do 19,30%.

Por provincias, en todas descende o número de sinistros laborais, nunha porcentaxe do 37,28% en Pontevedra; do 22,88% na Coruña, do 20,05% en Lugo e do 3,02% en Ourense.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, é necesario tomar en consideración o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos de accidentes en relación co número de traba-

lladores coas continxencias de accidente cubertas.

Con este criterio, o índice de incidencia da sinistralidade diminuíu en outubro un 25,66%, sendo o sector da industria o que presenta un comportamento máis favorable cunha redución do índice do 32,76%, seguido da construción, cunha diminución do 27,01%, dos servizos cun descenso do 19,67% e da pesca, cunha redución do 17,44%. Somentes na agricultura creceu o índice de incidencia da sinistralidade, nunha porcentaxe do 8,47%.

Diminución acumulada do 7,19% de xaneiro a outubro

Para dimensionar máis axeitadamente a interpretación destes datos, é necesario contextualizalos na sinistralidade acumulada ao longo do ano. Desde xeito, considerando os resultados do período correspondente de xaneiro a outubro de 2010, obsérvase unha baixada en Galicia do 7,19%, cun total de 30.981 accidentes, fronte aos 33.380 no mesmo período de 2009.



Estatísticas mensuais

Constituída a Comisión de Integración da Igualdade do ISSGA para impulsar actuacións preventivas en sectores laborais feminizados



- ▶ Na xuntanza, que tivo lugar na sede do ISSGA en Santiago, acordouse recompilar toda a información e os traballos desenvolvidos ata o de agora en materia de igualdade.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2010.- O ISSGA vén de constituír a Comisión para a Integración da Igualdade para asesorar sobre aspectos relacionados coa igualdade de xénero na prevención de riscos laborais. A mesa está presidida polo subdirector xeral de Técnica e de Planificación do ISSGA, e integrada por nove vogais, tres en representación da Consellería de Traballo e Benestar, tres pola CEG e outros tres polas organizacións sindicais CCOO, UGT e CIG, tal e como determina a Resolución do ISSGA de 14 do outubro de 2010 pola que se crea.

A posta en marcha desta comisión vai asegurar unha especial atención ás especificidades dos sectores laborais feminizados, tal e como quedou patente na sesión constitutiva que tivo lugar na sede do ISSGA en Santiago.

Na xuntanza abordáronse, entre outros temas, a orientación e deseño das primeiras liñas e actividades a por en marcha.

Acordaron recompilar toda a información e traballos realizados ata agora neste eido polos axentes integrantes da comisión, de xeito que se poña en común todo o coñecemento dispoñible e identificar aqueles aspectos de actuación preferentes nesta primeira fase inicial.

A Comisión para a Integración da Igualdade é un órgano permanente técnico de carácter asesor nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos. Asesorará para que as políticas de prevención de riscos laborais teñan en conta os aspectos relacionados coa igualdade de xénero. Impulsará actuacións preventivas específicas en sectores laborais feminizados, con medidas como a vixilancia da saúde das traballadoras autónomas, mariscadoras e agricultoras. Entre outras iniciativas, a comisión propondrá medidas de protección da saúde laboral das traballadoras nos períodos de embarazo, maternidade e lactancia.

Benestar colaborará con Igualdade na posta en marcha do Centro de Recuperación Integral para mulleres maltratadas

Santiago, 24 de novembro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar colaborará coa Secretaría Xeral de Igualdade na creación e posta en funcionamento do Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas da violencia de xénero a través dun convenio que asinaron hoxe as súas titulares, Beatriz Mato e Marta González.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Secretaría Xeral da Igualdade están rematando conxuntamente o deseño do modelo de intervención ao que se axustará o Centro de Recuperación Integral, as súas características e servizos a prestar, sempre desde un enfoque integrador e cunha perspectiva de xénero.

A entidade dependente da Consellería de Traballo e Benestar xestionará as devanditas instalacións conforme á normativa sobre centros de servizos sociais e de acollida de mulleres vítimas da violencia de xénero. O Consorcio promoverá de inmediato a adxudicación do proxecto para, a continuación, proceder ao inicio das obras de reforma necesarias no edificio cedido a tal fin polo Concello de Santiago.

Pola súa banda, o departamento que dirixe Marta González dará apoio e coordinación técnica para a súa posta en funcionamento. Así mesmo, a Secretaría Xeral farase cargo dos gastos derivados deste convenio. En concreto, as obras de reforma e adaptación do inmoble contan cun orzamento superior aos 550.000 euros.

Na actualidade, o Consorcio xestiona o centro de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero no Concello de Vigo coa finalidade de prestar atención inmediata e urxente a este colectivo de xeito que se faga efectivo o seu dereito a recibir atención, apoio e recuperación integral.

O programa operativo Feder Galicia 2007-2013 prevé no seu eixo 6 de infraestruturas sociais o incremento dos centros de acollida para mulleres vítimas de violencia doméstica, cunha mellora dos servizos prestados. O obxectivo é mudar o enfoque baseado na asisten-



- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a secretaria xeral de Igualdade, Marta González, asinaron hoxe un acordo para a súa creación.
- Este centro, que estará localizado en Santiago de Compostela, proporcionará asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia unha vez rematada a primeira fase da súa atención nos centros da rede galega de acollemento.

cia por un máis integrador.

O Centro de Recuperación Integral é unha obriga contida na Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que desenvolverá un modelo de atención integral baseado nun sistema coordinado

de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.

Este centro, que estará localizado en Santiago de Compostela, proporcionará asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia unha vez rematada a primeira fase da súa atención nos centros da rede galega de acollemento.

FAMILIA E BENESTAR

Benestar pon en marcha o portal de adopcións con información práctica e actualizada para mellorar o acceso ao proceso

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou a nova ferramenta telemática, <http://adopcions.xunta.es>.
- ▶ A iniciativa facilitará toda a documentación que se precisa para levar a cabo unha adopción, así como a xestión telemática de certas fases do proceso, como a descarga da documentación necesaria para iniciar a tramitación.
- ▶ As persoas solicitantes dunha adopción e tamén aquelas que xa a realizaran terán acceso actualizado en calquera momento ao seu expediente.
- ▶ Galicia é a segunda autonomía de todo o Estado en poñer en funcionamento esta ferramenta.
- ▶ A comunidade rexistrou durante o primeiro semestre de 2010 a formalización de preto de 160 adopcións.



Santiago, 24 de novembro.- O portal galego de adopcións da Xunta de Galicia, <http://adopcions.xunta.es>, está desde hoxe á disposición daquelas persoas que precisen información sobre este proceso ou para realizar determinados trámites permitidos por vía telemática. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou hoxe esta nova ferramenta na que se ofrecerá unha información útil, práctica e actualizada a todas aquelas persoas que estean pensando en adoptar, se atopen no proceso ou mesmo xa o completaran.

O que o Goberno galego pretende con esta iniciativa é facilitar de primeira man á cidadanía galega todos os datos que se precisan para levar a cabo o proceso de adopción. “O que pretendemos é que se coñezan os pasos que hai que seguir e como funciona o sistema”, apuntou Mato.

Así mesmo, o novo portal permitirá a xestión telemática de certas fases do proceso de adopción, xa que a través do portal poderase facer a descarga da documentación necesaria para iniciar o proceso de adopción. A conselleira resaltou que Galicia é a segunda autonomía de todo o Estado en poñer en funcionamento esta iniciativa.

A ferramenta telemática inclúe, ademais da información de todo o proceso, os países nos que se poden adoptar e as entidades colaboradoras acreditadas en Galicia, bibliografía, e incluso

unha guía práctica para saber onde obter a documentación necesaria e onde dirixir a solicitude baseándose nas características dos solicitantes. Tamén se proporciona acceso a un apartado de novas, así como ás páxinas web de organismos oficiais e internacionais e asociacións relacionadas con este tema, tanto en Galicia como nos países de orixe dos posibles menores a adoptar.

“O que se pretende é proporcionar elementos de reflexión sobre o alcance da súa decisión confrontando as súas expectativas coa realidade, informar sobre o proceso legal e dar resposta ás preguntas máis habituais dos solicitantes”, detallou Mato.

Ademais, as persoas solicitantes dunha adopción e tamén aquelas que xa a realizaran terán acceso actualizado en calquera momento ao seu expediente.

Guía interactiva

Unha das novidades salientables deste portal de adopcións inclúe unha guía interactiva a través da que os usuarios da ferramenta poden facer unha simulación para coñecer, segundo as

súas características, os países onde poden solicitar a adopción, así como os requisitos que se piden en cada un dos casos.

“O que queremos é, en definitiva, facer unha adopción máis accesible co acceso permanente e actualizado aos datos e para derrubar as barreiras que existen sobre a adopción, a desinformación en primeiro lugar e tamén a crenza de que é un proceso complicado ou reservado a uns poucos”, indicou a responsable da Consellería.

Neste sentido, Mato explicou que o Goberno galego seguirá a defender a adopción como “unha vía idónea” para garantir aos menores unha familia na que se poidan desenvolver nunhas condicións óptimas de benestar.

Ao respecto, a conselleira de Traballo e Benestar lembrou que a Xunta está a poñer en marcha diversas actuacións para garantir os dereitos dos menores, lembrando que a nova Lei de impulso á familia e á convivencia, que está a piques de iniciar a súa tramitación parlamentaria, sitúa á infancia “nun .../...



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

español galego

Portal Galego de Adopcións

Portada Novas Eventos Consultas Descargas Preguntas Frecuentes



.../...

capítulo específico como grupo merecedor dunha especial atención”.

Así, destacou que a normativa contempla a creación do Consello Galego das Familias e do Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

“Estes dous órganos, de carácter técnico, asesor e de participación permitirán a actualización constante da realidade social das familias e da infancia, así como o contacto directo dos colectivos coa Administración para a posta en marcha das medidas que aparezan como oportunas en cada momento e conxuntura”, apuntou Mato.

Por último, a conselleira recordou a campaña de promoción de acollementos familiares que puxo en marcha recentemente a Xunta de Galicia, “unha iniciativa que forma parte da nosa aposta pola atención integral á infancia”, remarcou.

“É preferible o acollemento familiar que o internamento nun centro e sempre que sexa posible así o faremos”, concluíu.

Datos de adopcións

Galicia rexistrou, durante o primeiro semestre de 2010, a formalización de preto de 160 adopcións, se se teñen en conta os autos de adopción nacionais (25) e as preasignacións internacionais (132). Ademais, hai que ter en conta que das 34 propostas de adopcións realizadas neste período (34), once foron acabados de nacer.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, recibiu durante este período de tempo un total de 279 solicitudes de adopcións nacionais e internacionais.

Por países, a maior parte das preasignacións corresponderon a adopcións de nenos e nenas de Etiopía (46 solicitudes); de Vietnam (27); de China (21); e de Colombia (15). Con todo, tamén se xestionaron expedientes de rapaces e rapazas de Kazaxistán, Nepal, Ucraína, Rusia, Hungría, Filipinas ou Bulgaria.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA

No Día Universal da Infancia, a Xunta de Galicia fai público o seu compromiso cos dereitos da infancia, así como co impulso das políticas sociais de protección e atención ás necesidades dos nenos e nenas, así como das familias.

Este ano cúmprense 21 anos da Convención dos Dereitos do Neno, asinada pola Organización das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989. Aínda que é xusto recoñecer os avances que se produciron desde esa data na atención e tratamento da infancia, non podemos dar as costas á dramática realidade que viven millóns de nenos e nenas. Circunstancias que non se limitan aos contextos de pobreza, senón que, lamentablemente, podemos atopar nas nosas sociedades, ás veces moi preto de nós.

Os problemas que afectan á infancia non desapareceron, senón que seguen a reproducirse baixo formas unhas veces recoñecibles e, outras, máis recentes, como pode ser a vulneración de dereitos a través das novas tecnoloxías.

O contexto actual de crise económica conforma un escenario de risco para o xurdimento de novos conflitos que poden dificultar o cumprimento pleno da Convención. Aparecen, así, o desemprego como factor de risco de desestruturación familiar, o risco de exclusión e a falta de recursos para o desenvolvemento dunha infancia segura e feliz.

De entre todas as responsabilidades que nos concernen como sociedade, na protección aos nenos e nenas radica a esencia básica do noso compromiso co ser humano.

Por iso, é necesario que vexamos a infancia como o factor transversal máis importante en todas as nosas accións, e que contribuíamos desde todos os niveis da sociedade a previr e evitar os riscos que poidan ameazala. Así mesmo, cómpre que sexamos capaces de ofrecer aos nosos nenos e nenas de hoxe todos os instrumentos e ferramentas ao noso alcance para impulsalos no seu desenvolvemento pleno, posto que eles serán os adultos do mañá e, polo tanto, terán a responsabilidade do futuro da nosa sociedade.

En liña con estes obxectivos, a Xunta de Galicia vén de impulsar unha nova Lei de impulso á familia e á convivencia, que iniciará a súa tramitación parlamentaria antes de que remate este ano. Unha normativa adaptada á realidade actual da nosa sociedade e que, por primeira vez, contempla un capítulo específico referido á protección da infancia e a adolescencia.

Coa súa acción, o Goberno galego aspira a dotar á nosa comunidade de todos os recursos necesarios para garantir os dereitos da infancia. É responsabilidade de toda a sociedade galega acadar unha conciencia plena neste sentido.

FAMILIA E BENESTAR

A Xunta incrementará nun 3 por cento o orzamento da RISGA e do complemento autonómico das pensións non contributivas para 2011



- ▶ En total, o importe total desta mellora ascende a preto dun millón de euros.
- ▶ A titular do departamento autonómico sinalou que, deste xeito, reflíctese o compromiso do Goberno galego cos colectivos máis vulnerables.



Ao respecto, destacou que o Diálogo Social ten aprobado unha reformulación da RISGA, asociada a unha nova Lei galega de inclusión social, que permitirá "un mellor aproveitamento desta prestación, así como un control exhaustivo do cumprimento dos mecanismos para a inserción social dos beneficiarios", explicou.

Esta nova RISGA verase reflectida nos orzamentos de 2012, posto que a nova Lei de inclusión social será aprobada, previsiblemente, ao longo do próximo exercicio. De feito, é preciso sinalar que estas melloras responden ás demandas das entidades que traballan no eido da inclusión social, coas que o Goberno galego mantén unha "estreita colaboración".

Neste senso, Mato avanzou que o próximo mércores responsables da Consellería de Traballo e Benestar manterán unha reunión coas entidades xestoras dos albergues e comedores sociais das sete grandes cidades, encontros que se manterán ao longo do ano periodicamente "para facer un seguimento das necesidades que poidan xurdir, así como para avaliar posibles mecanismos de choque que sexan precisos".

Datos actualizados da RISGA

Con respecto aos datos da RISGA, a 30 de setembro, rexistráronse 4.789 persoas beneficiarias desta prestación en Galicia. O acumulado ao longo do ano –isto é, beneficiarios que entraron, pero tamén saíron do sistema– foi un total de 6.376. No que se refire ás solicitudes rexistráronse, presentáronse ata o 30 de setembro un total de 2.900.

Santiago, 29 de novembro.- A Xunta de Galicia incrementará nun 3% o orzamento correspondente á Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) para 2011, así como un aumento da mesma porcentaxe para o complemento autonómico das pensións non contributivas (PNCS).

Así o adiantou hoxe a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, tras manter unha xuntanza cos secretarios xerais de CCOO e UGT-Galicia, Xosé Manuel Sánchez Aguión e José Antonio Gómez, respectivamente, e co presidente da CEG, Antonio Fontenla, para informarlles desta modificación orzamentaria.

Neste sentido, a titular de Traballo subliñou que este cambio vén a dar resposta a unha petición realizada no seo do diálogo social.

En declaracións aos medios de comunicación, a titular do departamento autonómico precisou que o importe total desta mellora ascende a preto dun millóns de euros, que irán destinados ás persoas "máis desfavorecidas". Esta contía súmase á xa recollida nas contas para o RISGA en 2011 (22,7 millóns) e para o complemento das pensións non contributivas (ao redor de 10 millóns). "Estamos ante o cum-

primento da nosa promesa de non facer recaer o peso da crise sobre os máis vulnerables", salientou.

Neste sentido, apuntou que as contas para 2011 garanten a atención de todo aquel que cumpra os requisitos contemplados no acceso á esta renda de inclusión. É preciso recordar que este aumento realízase en función das previsións de atención para o próximo ano. Con todo, hai que lembrar que sempre se garante a ampliación do orzamento durante o ano no caso de ser preciso, como se fixo en anos anteriores.

No que se refire propiamente ao complemento das pensións non contributivas –unha paga adicional de máis de 200 euros que perciben uns 48.000 pensionistas en Galicia–, Mato salientou que a Xunta incrementa estas axudas "por segundo ano consecutivo" –o ano pasado subiron outro tres por cento–, mentres que o Goberno central "conxela as pensións".

Diálogo social

"O interese na mellora das condicións de vida dos máis desfavorecidos é compartido polos axentes sociais de Galicia", destacou a conselleira tras a xuntanza cos representantes de CCOO, UGT-Galicia e a CEG.

A Consellería de Traballo e Benestar certifica 42 empresas como colaboradoras co II Plan Galego de Inclusión Social

Santiago, 29 de novembro de 2010.- Representantes de 42 empresas recibiron esta mañá nun acto na Escola Galega de Administración Pública, en Santiago, un certificado que as acredita como integrantes da Rede de entidades colaboradoras co II Plan Galego de Inclusión Social (II PGIS).

As devanditas empresas veñen de colaborar no labor dos equipos de inclusión da Xunta a través do desenvolvemento de cursos de formación, a contratación de participantes no II PGIS, ou acollimento de persoas en prácticas, entre outras actuacións.

No acto de entrega dos certificados, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, expresou aos representantes das empresas o seu recoñecemento e o de todo o Goberno da Xunta pola súa colaboración no esforzo colectivo pola inclusión social.

Beatriz Mato salientou a importancia do contacto co mundo laboral cara ao incremento das posibilidades de inserción das persoas participantes no II PGIS. "A sociedade galega necesita de empresas comprometidas con este obxectivo común, o da construción dunha sociedade inclusiva, con igualdade de oportunidades para todas e todas", engadiu".

Itinerarios personalizados

O II PGIS 2007-2013 está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e pola Xunta de Galicia e é xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a través dunha rede de 18 equipos comarcais de inclusión sociolaboral e dun equipo máis que traballa con internos do centro penitenciario de Teixeiro.

Os técnicos deses equipos de inclusión deseñan, para cada unha das persoas participantes no II PGIS, un itinerario personalizado de inserción, un percorrido que inclúe as accións máis idóneas para o seu perfil de entre as que oferta o propio plan. A participación nas distintas accións irá mellorando o seu perfil



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, no acto de entrega dos certificados

profesional e, polo tanto, as súas opcións de acceder a un posto de traballo.

Os instrumentos ofertados son principalmente accións preformativas (cursos de competencias persoais, formación en busca de emprego ou alfabetización), accións formativas (formación ocupacional e cursos con compromiso de contratación) e prácticas profesionais en empresas.

En 2010 desenvóléronse máis de 500 accións preformativas e case 1.500 accións formativas, e unha treintena de prácticas en empresas colaboradoras. Ademais, o labor dos técnicos de inclusión chegou nestes once meses a 7.312 persoas (3.060 homes e 4.252 mulleres), das que 1.982 se incorporaron por primeira vez ao plan neste ano e o resto xa viña participando desde anos anteriores.

A Xunta é premiada pola Federación Española de Familias Numerosas pola súa xestión nos programas desta área

Santiago, 7 de novembro de 2010.- Diversas accións formativas do II Plan Galego de Inclusión Social (II PGIS) impartidas entre os meses de outubro e novembro permitirán a 125 persoas de diversos concellos obter o carné de manipulador de alimentos.

Os cursos, organizados polos equipos de inclusión do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, impártense nos concellos de Arzúa, Boiro, Ferrol, Noia, Baralla, Barreiros, Celanova e Sanxenxo.

O obxectivo é favorecer e posibilitar a inserción laboral dos participantes a través dunha formación

que aumente as súas competencias cara ao mercado de traballo, neste caso especialmente cara ao sector da hostalaría.

Itinerarios personalizados

A formación ocupacional constitúe unha máis das accións que conforman os itinerarios de inserción sociolaboral, un percorrido deseñado polos equipos de inclusión para cada unha das persoas participantes no II PGIS.

Eses itinerarios poden incluír tamén formación en competencias persoais ou na busca de emprego, prácticas en empresas ou cursos con compro-

miso de contratación, todo co obxectivo de mellorar o perfil profesional dos asistentes e, polo tanto, as súas opcións de acceder a un posto de traballo.

Como en todos os casos, ao terminar o curso de formación ocupacional, os asistentes continuarán traballando co equipo de inclusión ata rematar o resto de accións incluídas nos seus itinerarios.

O II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013 está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e pola Xunta de Galicia e é xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

DEPENDENCIA

Benestar reforza o programa de Respiro Familiar, co que financia parte da estadia temporal de dependentes en residencias

- ▶ A consellería cobre o 55% do custo da praza ao solicitante, que pode elixir entre estadias quincenais ou de fin de semana.
- ▶ Traballo e Benestar amplía o perfil dos beneficiarios, antes limitado a maiores, de xeito que abrangue a dependentes e discapacitados de todas as idades.
- ▶ A iniciativa está orientada aos maiores de 16 anos que teñan recoñecido un grao II ou III de dependencia ou requiran dun coidador e non conten con axuda a domicilio.
- ▶ Os beneficiarios recibirán aloxamento, manutención completa e atención integral.
- ▶ A achega do usuario por praza oscila entre os 54 euros dunha estadia de fin de semana aos 315 dunha quincenal, tras rebaxala un 20% e un 55%, respectivamente.

Santiago, 9 de novembro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de reforzar o programa de Respiro Familiar, co que financia parte da estadia temporal de persoas dependentes en centros residenciais. O obxectivo é que os coidadores poidan gozar duns días de descanso ou facer fronte a situacións de emerxencia que se lles presenten.

O departamento que dirixe Beatriz Mato cobre máis da metade (o 55 por cento) do custo da praza aos usuarios, que poden elixir entre estancias quincenais (14 noites); ou de fin de semana (dúas noites). A Xunta ten rebaxado un 20 por cento o importe para o beneficiario no primeiro caso e un 55 por cento no segundo.

No caso das quincenas, ofrécese a opción de pasar ata un máximo de dúas ao ano de xeito continuado ou interrompido. As fins de semana, o usuario pode entrar ao centro o venres pola tarde e marchar del o domingo nesa mesma franxa do día. Os solicitantes que teñan concedida a libranza de coidador poderán solicitar ata un total de 45 días ao ano de respiro familiar.

Esta iniciativa está orientada a persoas maiores de 16 anos que teñan recoñecido un grao II ou III de dependencia, así como as que requiran a atención dun coidador e dispoñan dun informe médico e social que o acredite, sempre que non conten co servizo de axuda a domicilio para esta mesma finalidade.

Deste xeito, a consellería amplía o perfil dos beneficiarios do programa, antes limitado a persoas maiores, pero que agora abrangue aos dependentes de todas as idades e ás persoas discapaci-

tadas. Máis de 200 usuarios poderán acollerse a esta iniciativa, que contará con case 90.000 euros ata a primeira semana de xaneiro.

Aloxamento, manutención completa e atención integral

As persoas dependentes reciben aloxamento e manutención completa en cuartos dobres, adecuados as súas limitacións e necesidades. O interesado pode ocupar unha habitación individual sempre que o centro dispoña dela e que o beneficiario aboe o suplemento correspondente.

Durante a súa estancia nun destes centros, a persoa dependente percibe unha atención integral, que abrangue desde o coidado persoal, control, protección e prestación de axuda nas tarefas da vida cotiá; ata atención médica, psicolóxica e social; terapia ocupacional, animación sociocultural e un menú axeitado as súas necesidades.

Entre 54 e 315 euros

A achega da persoa beneficiaria oscilará entre os 54 euros dunha estadia de fin de semana e os 315 euros dunha quincenal. Pola súa banda, a Administración sociolaboral galega completa esta contía ata os 120 euros que custa a estancia os dous días; e ata os 700 da de quince.

Nesta última modalidade, téñense habilitado prazas gratuítas para aqueles solicitantes que, malia reunir os requisitos, acrediten carecer de recursos económicos. Traballo e Benestar rebaxou case nun 20 por cento a achega que

ten que aboar o interesado por unha estadia quincenal e un 55 por cento por unha de fin de semana.

Ademais das residencias de maiores, poderán ofertar prazas os centros de persoas discapacitadas tanto públicos como privados, sempre que figuren inscritos no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e estean autorizados pola Consellería de Traballo e Benestar.

A atención á persoa dependente realizarase no centro que elixa o solicitante se este cumpre todos os requisitos e a residencia dispón dunha praza vacante nese momento que se adapte ás características demandadas.

Como solicitar unha praza

O interesado pode presentar a súa solicitude nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar cun mes de antelación á data na que desexe recorrer a esta alternativa, agás no caso das situacións de emerxencias sobrevidas e xustificadas. As peticións poderán formularse durante todo o ano, xa que non pechará o prazo de inscrición.

Tamén pode obter máis información desta iniciativa a través do teléfono gratuíto 900 333 666 ou ben nos servizos sociais comunitarios de cada concello galego; nos servizos sociais de atención primaria dos centros de saúde ou nos departamentos territoriais da Xunta.

Aumento da oferta dos centros

As modificacións introducidas polo departamento que dirixe Beatriz Mato teñen motivado un aumento dos centros residenciais interesados en participar na iniciativa, que xa suman 44. Deles, un total de 25 localízanse na provincia da Coruña; outros 11 na de Pontevedra; cinco en Lugo e 30 en Ourense.

As residencias interesadas en adherirse ao programa aínda poden facelo contactando coa Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal.

XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

O anteproxecto da Lei de acción voluntaria de Galicia inicia a súa tramitación xurídica

- A Xunta modifica a normativa actual, que data do ano 2000, para introducir melloras, facela máis eficiente e efectiva e adaptala ás novas liñas do voluntariado da Unión Europea.

Santiago, 7 de novembro de 2010.- O Servizo Técnico Xurídico da Consellería de Traballo e Benestar xa está a estudar o anteproxecto da futura Lei de acción voluntaria de Galicia. Cumprindo co cronograma establecido pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para a tramitación da normativa, remitiuse o documento ao departamento xurídico para a súa análise.

Posteriormente, pediranse os informes perceptivos aos correspondentes departamentos da Xunta, seguindo a tramitación ordinaria, como é o caso do Servizo Galego de Igualdade do Home e da Muller para que analice o seu impacto de xénero. O documento, entón, deberá someterse ao ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia, para a continuación enviálo ao Consello da Xunta. O proxecto, segundo as previsións do Goberno galego, entrará no Parlamento o próximo ano.

Sobre a normativa vixente 3/2000 de 22 de decembro, o anteproxecto introduce modificacións significativas co obxectivo de reforzar e outorgar unha especial importancia ao papel que xogan as entidades de acción voluntaria.

A finalidade principal desta actuación é facer

unha normativa máis eficiente e efectiva e adaptala ás novas liñas de voluntariado da Unión Europea. Precisamente, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado iniciou a elaboración do anteproxecto no pasado mes de febreiro cando a UE emitiu o informe sobre as novas pautas a seguir no tocante ao ámbito do voluntariado.

No mes de agosto, a área autonómica remitiu o borrador ás asociacións de acción voluntaria para que fixera as súas achegas e no mes de outubro se resolveron as alegacións.

Como gran novidade, a normativa introducirá a posibilidade de que os voluntarios poidan obter certificacións da súa participación nas actividades que desenvolvan a fin de poder acreditar un historial persoal que valide e recoñeza a experiencia adquirida durante o proceso de voluntariado. De feito, o anteproxecto de lei contempla a remisión das certificacións ao rexistro de entidades de acción voluntaria, que pretende que non se limite a ser un rexistro de asociacións. Por iso, a Xunta avoga por crear unha sección encargada do depósito da documentación remitida en relación con estas certificacións.

Neste sentido, é preciso salientar a necesidade de plasmar o recoñecemento do labor dos voluntarios e a súa certificación por parte das administracións mediante un sistema europeo común, tal e como marca a Unión Europea.

Novas tecnoloxías

Así mesmo, o borrador do anteproxecto de lei integra como sector novo de actuación da acción voluntaria o fomento de novas tecnoloxías e incorpóranse novas accións de fomento do voluntariado. En concreto, preténdese lograr unha maior continuidade temporal do compromiso das persoas voluntarias, así como promover o voluntariado nos centros educativos e fomentar a acción voluntaria corporativa que desenvolven as empresas no seu contorno económico e social.

Ademais, outorgárase un protagonismo destacado ao Consello Galego de Acción Voluntaria e crease o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, que promoverá a obtención de datos estatísticos demandados polas institucións da UE.

Por outra banda, e coa finalidade de que a nova normativa sexa máis efectiva, o borrador do anteproxecto queda estruturado en tres grandes apartados: disposicións xerais, suxeitos de acción voluntaria e de acción administrativa. En concreto, reducíronse o número de títulos, polo que o borrador do anteproxecto queda estruturado en tres grandes apartados: disposicións xerais, suxeitos de acción voluntaria e da acción administrativa.

En coherencia con esta nova estrutura, reordenáronse os capítulos dun modo máis sintético para favorecer a lóxica interna da Lei.



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu o acto de entrega dos premios Xuventude Crea

A Coruña, 25 de novembro de 2010.- Un total de 38 mozos e mozas recolleron hoxe os premios obtidos no seo do certame "Xuventude Crea", organizado pola Consellería de Traballo e Benestar. A entrega tivo lugar na Coruña, durante a celebración da gala final desta iniciativa, na que tamén se representou unha escolma das obras premiadas.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, presidiu este acto no Teatro Colón. Durante a súa intervención, confiou en que este certame constituía unha "plataforma de lanzamento" para que a xuventude poida amosar as súas obras, que reflicten o "potencial de Galicia para saír adiante".

Participantes

O Certame Xuventude Crea pon a disposición dos mozos e mozas un total de 11 especialidades. Na gala de hoxe, recolleron os seus premios os preto de 40 premiados (primeiro, segundo, terceiros premios e mencións de honra) de 9 destas especialidades, xa que os galardoados na especialidade de moda e de banda deseñada xa recibiron os seus premios, aínda que tamén estaban invitados a este evento.

Esta iniciativa recibiu este ano un total de 186 obras, presentadas por parte de 300 mozos e mozas galegas. As 11 especialidades son as seguintes: teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis e deseño de xoias. A iniciativa,

para mozos e mozas de entre 16 e 30 anos residentes en Galicia, contou neste exercicio cun total de 280.000 euros.



A conselleira de Traballo, na entrega dos premios de Xuventude Crea.

PUBLICACIÓNS OUTUBRO 2010

As publicacións editadas pola consellería no mes de outubro son as seguintes:

- ▶ BITEB. Nº 57, novembro de 2010.
- ▶ Invernízate con Nós.
- ▶ Directorio de centros de traballo. Anuario 2009.
- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Outubro 2010.
- ▶ Xuventude Crea. Banda deseñada. Certame Galego de Creadores novos 2010.
- ▶ Consellería de Traballo e Benestar. Memoria 2009.
- ▶ Equipos de protección individual. Guía básica.
- ▶ Ergonomía no traballo.
- ▶ Eu tamén souben de Oristenbe e cinco contos máis.



[Ver libro normativa en pdf](#)



[Ver memoria en pdf](#)



NORMATIVA DOG

- ▶ Resolución do 14 de outubro de 2010 pola que se crea a Comisión para a integración da igualdade e se nomean os seus membros. (DOG nº 210, do 2.11.2010).
- ▶ Orde do 7 de outubro de 2010 pola que se publica a concesión de axudas ao abeiro da Orde do 3 de marzo de 2010, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 210, do 2.11.2010).
- ▶ Resolución do 8 de outubro de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no primeiro cuadrimestre de 2010. (DOG nº 210, do 2.11.2010).
- ▶ Resolución do 28 de outubro de 2010 pola que se modifica o prazo de xustificación da execución das actuacións subvencionables establecidas na Resolución do 22 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para apoio aos centros de información ás mulleres. (DOG nº 210, do 2.11.2010).
- ▶ Resolución do 28 de outubro de 2010 pola que se modifica o prazo de xustificación da execución das actuacións subvencionables establecidas na Resolución do 17 de agosto de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para centros e recursos integrais para mulleres. (DOG nº 210, do 2.11.2010).
- ▶ Decreto 180/2010, do 21 de outubro, polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras do fondo de asistencia social e de persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos. (DOG nº 211, do 3.11.2010).
- ▶ Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se publica a concesión de axudas ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2010, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 211, do 3.11.2010).
- ▶ Orde do 19 de outubro de 2010 pola que se designa o órgano estatístico sectorial da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 213, do 5.11.2010).
- ▶ Resolución do 20 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan as probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 214, do 8.11.2010).
- ▶ Orde do 28 de outubro de 2010 pola que se fai pública a ampliación dos importes existen-

- tes para a concesión das axudas previstas na Orde do 18 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento. (DOG nº 215, do 9.11.2010).
- ▶ Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 22 de abril de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 215, do 9.11.2010).
 - ▶ Resolución do 29 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se procede á convocatoria da proba específica de validación de profesionais sen formación preventiva especializada para inscrición no Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción (Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción). (DOG nº 215, do 9.11.2010).
 - ▶ Orde do 18 de outubro de 2010 pola que se recoñece a Escola de Tempo Libre Actex como escola de tempo libre. (DOG nº 216, do 10.11.2010).
 - ▶ Resolución do 28 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2011, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 216, do 10.11.2010).
 - ▶ Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial. (DOG nº 217, do 11.11.2010).
 - ▶ Resolución do 25 de outubro de 2010 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 1 de xuño de 2010, pola que se convocan subvencións aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo. (DOG nº 219, do 15.11.2010).
 - ▶ Resolución do 25 de outubro de 2010 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de maio de 2010, pola que se convocan axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais. (DOG nº 219, do 15.11.2010).
 - ▶ Resolución do 25 de outubro de 2010 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 14 de xuño de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo. (DOG nº 220, do 16.11.2010).
 - ▶ Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 222, do 18.11.2010).
 - ▶ Orde do 8 de novembro de 2010 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 2 de xuño de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 222, do 18.11.2010).
 - ▶ Resolución do 29 de outubro de 2010 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social. (DOG nº 223, do 19.11.2010).
 - ▶ Orde do 25 de outubro de 2010 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 9 de xuño de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2010. (DOG nº 225, do 23.11.2010).
 - ▶ Orde do 25 de outubro de 2010 pola que se amplía o prazo de presentación da documentación de xustificación establecido na Orde do 7 de xullo de 2010, pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2010. (DOG nº 225, do 23.11.2010).
 - ▶ Orde do 18 de novembro de 2010 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 18 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 227, do 25.11.2010).
 - ▶ Orde do 22 de novembro de 2010 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 230, do 30.11.2010).
 - ▶ Orde do 24 de novembro de 2010 pola que se declara a nulidade das ordes do 25 de outubro de 2010 publicadas no Diario Oficial de Galicia do 23 de novembro. (DOG nº 230, do 30.11.2010).

NORMATIVA DOUTRAS CCAA



ANDALUCÍA

- Orden de 29 de octubre de 2010, por la que se garantiza el funcionamiento del servicio público que prestan los trabajadores de las empresas de asistencia telefónica de emergencias 112, del servicio público de información telemática de menores, del servicio telefónico de información a la mujer y del servicio telefónico y on-line de asistencia legal a las mujeres víctimas de violencia de género, incluidas en el sector de Contact Center, en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Andalucía, mediante el establecimiento de servicios mínimos. (BOJA do 09.11.2010).
- Resolución de 29 de octubre de 2010, de la Delegación Provincial de Granada, por la que se anuncia la publicación de la propuesta provisional de resolución de la Comisión Provincial de Valoración, en el procedimiento de concesión de subvenciones para programas e infraestructuras destinados al arraigo, la inserción y la promoción social de personas inmigrantes, dirigidas a Entidades Privadas sin Ánimo de Lucro y Entidades Locales, al amparo de la Orden que se cita. (BOJA do 10.11.2010).
- Decreto 388/2010, de 19 de octubre, por el que se regula el régimen de acceso y traslado de personas en situación de dependencia a plazas de centros residenciales y centros de día y de noche. (BOJA do 11.11.2010).
- Orden de 20 de octubre de 2010, por la que se regula el procedimiento de calificación e inscripción de los Centros Especiales de Empleo y se establecen las bases reguladoras de la concesión de incentivos para Centros Especiales de Empleo regulados en el Decreto 149/2005, de 14 de junio. (BOJA do 16.11.2010).
- Orden de 10 de noviembre de 2010, por la que se modifica la de 15 de noviembre de 2007, por la que se regula el Servicio de Ayuda a Domicilio en la Comunidad Autónoma de Andalucía. (BOJA do 16.11.2010).

- Orden de 22 de octubre de 2010 por la que se modifica la de 11 de mayo de 2007 por la que se regulan los programas de fomento de la empleabilidad y la cultura de la calidad en el empleo y se establecen las bases reguladoras de la concesión de ayudas públicas a dichos programas, en ejecución de la sentencia que se cita. (BOJA do 20.11.2010).
- Ley 10/2010, de 15 de noviembre, relativa a medidas para la asistencia y atención a las víctimas del terrorismo de la Comunidad Autónoma de Andalucía. (BOJA do 24.11.2010).
- Resolución de 4 de noviembre de 2010, del Instituto Andaluz de la Mujer, por la que se convocan becas de formación en el Área de Documentación del Organismo para el año 2011. (BOJA do 24.11.2010).
- Corrección de errores de la Orden de 17 de septiembre de 2010, por la que se regula el procedimiento de calificación de las organizaciones no gubernamentales de desarrollo para acceder a la realización de programas de generación de procesos de desarrollo, de acción humanitaria, excepto emergencia, de educación para el desarrollo y de formación y/o investigación para el desarrollo (BOJA núm. 193, 1.10.2010) (BOJA do 25.11.2010).
- Orden de 23 de noviembre de 2010, por la que se suspende la vigencia del Capítulo VII de la Orden de 15 de marzo de 2007, que establece las bases reguladoras de la concesión de ayudas y su convocatoria al amparo de lo establecido en el Decreto 175/2006, de 10 de octubre, hasta su próxima regulación. (BOJA do 29.11.2010).

ARAGÓN

- Orden de 19 de octubre de 2010, del Vicepresidente del Gobierno, por la que se dispone la publicación del Protocolo por el que se prorroga para el año 2010 el Convenio de colaboración, suscrito el 4 de agosto de 2005, entre el Ministerio de Trabajo e Inmigración (antes Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales) y la

Comunidad Autónoma de Aragón para el desarrollo de actuaciones de acogida e integración de personas inmigrantes así como de refuerzo educativo. (BOA do 04.11.2010).

- Orden de 25 de octubre de 2010, del Vicepresidente del Gobierno, por la que se dispone la publicación del Convenio de colaboración, entre el Instituto de la Juventud del Ministerio Igualdad y la Comunidad Autónoma de Aragón, para la promoción de la igualdad de oportunidades de los y las jóvenes mediante el desarrollo de programas de promoción de la emancipación juvenil para el año 2010. (BOA do 04.11.2010).
- Orden de 25 de octubre de 2010, del Vicepresidente del Gobierno, por la que se dispone la publicación del Convenio de colaboración, entre el Instituto de la Juventud del Ministerio Igualdad y la Comunidad Autónoma de Aragón, para la realización del programa Bolsa de Vivienda Joven en Alquiler para el año 2010. (BOA do 04.11.2010).
- Corrección de errores del Decreto 190/2010, de 19 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento del Consejo Aragonés de Servicios Sociales. (BOA do 08.11.2010).
- Resolución de 26 de octubre de 2010, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de Empleo, por la que se convocan para el año 2011, las subvenciones públicas a conceder por el Instituto Aragonés de Empleo, destinadas a los Programas de Escuelas Taller y Talleres de Empleo. (BOA do 12.11.2010).
- Orden de 5 de noviembre de 2010, del Consejero de Economía, Hacienda y Empleo, por la que se acuerda modificar los créditos presupuestarios previstos en la Orden de 26 de marzo de 2010, del Departamento de Economía, Hacienda y Empleo, por la que se convocan para el año 2010 las subvenciones reguladas en el Decreto 56/2009, de 14 de abril, del Gobierno de Aragón, para la promoción de la contratación estable y de calidad. (BOA do 16.11.2010).

- Orden de 5 noviembre de 2010, del Departamento de Servicios Sociales y Familia, por la que se establecen los costes de las plazas contratadas o concertadas por el Instituto Aragonés de Servicios Sociales para el año 2011. (BOA do 16.11.2010).
- Orden de 11 de noviembre de 2010, de la Consejera de Servicios Sociales y Familia, por la que se hace pública la convocatoria de subvenciones para 2011 del programa ISEAL (iniciativas sociales de empleo en el ámbito local) en su línea de transporte adaptado, en el marco del programa operativo de intervención comunitaria del FSE 2007-2013, objetivo competitividad regional y empleo en la Comunidad Autónoma de Aragón. (BOA do 16.11.2010).
- Orden de 10 de noviembre de 2010, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de Empleo, por la que se acuerda modificar los créditos presupuestarios previstos en la resolución de 10 de marzo de 2010, por la que se aprueba para el año 2010 la convocatoria de las subvenciones reguladas en la Orden de 27 de marzo de 2008, del Departamento de Economía, Hacienda y Empleo, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones del Programa de Promoción del Empleo Autónomo. (BOA do 22.11.2010).
- Orden de 27 de octubre de 2010, del Departamento de Servicios Sociales y Familia, por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones destinadas a Entidades Locales, para actuaciones a favor de la integración social de la población de origen extranjero residente en Aragón, para el año 2011. (BOA do 24.11.2010).

ASTURIAS

